

# CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA



**Situación:** c/Ribeira, s/n, Torneiros  
36410 O PORRIÑO (Pontevedra)  
**Teléfono:** 986 344 043  
**Fax:** 986 338 654  
[www.fctgranito.es](http://www.fctgranito.es)  
[administracion@granitodegalicia.com](mailto:administracion@granitodegalicia.com)



O Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia constituíuse no ano 1995 como iniciativa da Xunta de Galicia e motivada como unha extensión lóxica das actividades de I+D da Asociación de Graniteiros de Galicia. O Centro está rexido por un Padroado, integrado pola Universidade de Vigo, tres asociacións empresariais, a Consellería de Innovación e Industria, e o Concello de Porriño. Os principais obxectivos do Centro son defender os intereses dos seus socios e potenciar o desenvolvemento do sector graniteiro galego a nivel nacional e internacional.

O Centro está concibido como unha organización para a xestión, fomento, defensa, coordinación e representación dos intereses xerais e comúns do sector empresarial do granito, ou dos sectores ou actividades afíns ou relacionadas con dito sector.

As súas actividades veñen definidas pola conveniencia ou necesidade de unha actuación conxunta naqueles campos nos que as empresas, individualmente, non poden levar a cabo con éxito certas accións, ou estas se acadan a un elevado custo.



## Recursos humanos

Na actualidade o Centro unicamente conta con un equipo de catro persoas: un xeólogo, un aparelador, un administrativo e un coordinador.

## Organización / Áreas de traballo

Os órganos de goberno do Centro están formados por un Padroado, un comité directivo, e un Comité Científico, do que forma parte a Universidade de Vigo, sobre aspectos relacionados con: minería, economía e medio ambiente.

Os eixos estratéxicos do Centro poden definirse en seis grandes áreas diferenciadas:

- Marketing e promoción sectorial.
- Medio ambiente.
- I+D+i.
- Recursos Humanos.
- Comunicación.



